



RESOLUCIÓN REITORAL DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA POLA QUE SE CONVOCAN OS PREMIOS EXTRAORDINARIOS DE LICENCIATURA, ARQUITECTURA, ENXEÑARÍA E GRAO CORRESPONDENTES AO CURSO ACADÉMICO 2016/2017.

A Xunta de Goberno da Universidade da Coruña, na sesión celebrada o día 26 de setembro de 1994, aprobou o Regulamento de premios extraordinarios de diplomado, arquitecto técnico, enxeñeiro técnico, licenciado, arquitecto e enxeñeiro.

O Real Decreto 1125/2003, do 5 de setembro, establece o sistema europeo de créditos e o sistema de cualificación nas titulacións universitarias de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional.

O Real Decreto 1393/2007, do 29 de outubro, modificado polo RD. 861/2010, do 2 de xullo, establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais adaptándoas ao EEES.

O Protocolo de colaboración suscrito entre a Consellería de Educación e as Universidades do SUG publicado por Resolución do 15/09/2011, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, establece a valoración dos expedientes académicos.

De acordo co exposto e, sen prexuízo da tramitación dos axustes académicos necesarios para a adaptación desta convocatoria á normativa citada, perante o Consello de Goberno,

RESOLVO:

Convocar os Premios Extraordinarios de Licenciatura, Arquitectura, Enxeñaría e Grao correspondentes ao curso académico 2016-2017, en todas as titulacións que se imparten nesta universidade de acordo co que se refire de seguido:

1º) Destinatarios:

Poderán optar aos premios extraordinarios aqueles alumnos/as que remataron os estudos da súa titulación na Universidade da Coruña e que figuren nas actas correspondentes ás convocatorias ordinarias e extraordinarias do curso académico 2016/2017.

2º) Requisitos:

Será necesario ter obtido unha nota media de sobresaliente no expediente académico; de forma excepcional poderase optar ao premio extraordinario cunha nota media de notable, cando non houber ningún alumno con nota media de sobresaliente entre os que rematasen os seus estudos no curso académico 2016-2017.

3º) Premios por titulación:

O número máximo de premios extraordinarios a conceder por titulación consta no anexo I desta Resolución, unha vez aplicadas as porcentaxes previstas no punto 2 do Regulamento de premios extraordinarios citado.



4º) Procedemento:

Os interesados entregarán as súas solicitudes no rexistro do centro desta universidade en que rematasen os seus estudos, mediante instancia dirixida ao Reitor, empregando o modelo que consta no anexo II á presente resolución. Non será preciso presentar a certificación de estudos.

5º) Prazo:

O prazo de presentación de solicitudes é do **6 ao 14 de novembro de 2017**, ambos inclusive.

6º) Valoración das solicitudes (nota media):

As solicitudes valoraranse polo tribunal que se constituirá en cada centro de acordo co establecido no regulamento, que aplicará o sistema de cálculo de nota media do expediente académico establecido polo "Protocolo de Colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e as Universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo para a valoración de expedientes académicos", asinado con data do 27 de xuño de 2011 e publicado por Resolución do 15 de setembro de 2011, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, no DOG núm. 188, do 30 de setembro de 2011.

7º) Publicación:

Unha vez que se efectúen as valoracións, faranse públicos os resultados nos taboleiros de anuncios dos centros. As persoas solicitantes disporán dun prazo de sete días naturais, contados desde a exposición pública dos resultados, para presentar as reclamacións que consideren oportunas e que resolverá cada tribunal.

8º) Concesión, acreditación e efectos:

8.1.- Unha vez resoltas as reclamacións os presidentes dos tribunais tramitarán os expedientes ás Xuntas de Centro. Estas elaborarán as correspondentes propostas de concesión, que serán remitidas polos Decanos ou Directores ao Reitor para a súa tramitación ao Consello de Goberno da Universidade, tendo como data tope para a remisión destas propostas o día **13 de decembro de 2017**.

8.2.- A concesión do premio extraordinario, ademais do diploma acreditativo que expida a universidade, reflectirase no expediente académico do alumno e farase constar nas certificacións académicas, así como se é o caso naqueles documentos oficiais nas condicións que a normativa vixente contemple.

8.3.- Asimesmo, a concesión do premio extraordinario dará dereito á exención dos prezos públicos pola expedición do título.

8.4.- Para a concesión destes premios destinarase ata un máximo de 55.000 Euros cofinanciados entre a Universidade da Coruña e o Banco de Santander, dentro do

convenio xeral entre ambas entidades financeiras. O pagamento farase con cargo á partida orzamentaria 0400040002 422D 48003.

8.5.- O Consello de Goberno, tras o estudo das propostas e deliberación correspondentes, resolverá a concesión dos Premios extraordinarios de, licenciado, arquitecto, enxeñeiro e grao correspondentes ao curso académico 2016/2017.

A resolución do Consello de Goberno esgota a vía administrativa e contra esta resolución poderase interpoñer un recurso de reposición potestativo perante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes a contar desde a súa publicación ou, de forma alternativa, un recurso contencioso-administrativo ante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses que comezarán a contar desde a súa publicación.

A Coruña, 27 de outubro de 2017
Julio Abalde Alonso
REITOR



Informe Premios Extraordinarios 2016/2017

Titulacións	Núm. Alumnos	Núm. Máx Premios
610G01 - Grao en Química	28	1
610G02 - Grao en Bioloxía	59	1
611211 - Licenciatura en Administración e Dirección de Empresas (só poden optar alumnos procedentes do programa de simultaneidade)	4	1
611G01 - Grao en Economía	49	1
611G02 - Grao en Administración e Dirección de Empresas	175	3
612001 - Licenciatura en Dereito (só poden optar alumnos procedentes do programa de simultaneidade)	8	1
612G01 - Grao en Dereito	166	3
613G01 - Grao en Español: Estudos Lingüísticos e Literarios	12	1
613G02 - Grao en Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios	4	1
613G03 - Grao en Inglés: Estudos Lingüísticos e Literarios	28	1
614111 - Enxeñeiro en Informática	11	1
614G01 - Grao en Enxeñaría Informática (incluídos alumnos curso Ponte)	85	2
615G01 - Grao en Socioloxía	54	1
616G01 - Grao en Comunicación Audiovisual	44	1
620G01 - Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte	129	2
630011 - Arquitecto	81	2
630G01 - Grao en Arquitectura	58	1
630G02 - Grao en Estudos de Arquitectura	45	1
631311 - Licenciatura en Máquinas Navais	7	1
631411 - Licenciatura en Náutica e Transporte Marítimo	2	1
631G01 - Grao en Náutica e Transporte Marítimo (incluídos alumnos curso ponte)	49	1
631G02 - Grao en Tecnoloxías Mariñas (incluídos alumnos curso ponte 631G02V50 e 631G02V51)	22	1
632011 - Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos	30	1
632G01 - Grao en Enxeñaría de Obras Públicas (incluídos alumnos curso ponte)	48	1
632G02 - Grao en Tecnoloxía da Enxeñaría Civil	28	1
650G01 - Grao en Ciencias Empresariais (incluídos alumnos curso ponte)	66	1
651G01 - Grao en Fisioterapia (incluídos alumnos curso ponte)	44	1
652711 - Licenciatura en Psicopedagogía	10	1
652G01 - Grao en Educación Infantil	114	2
652G02 - Grao en Educación Primaria	108	2
652G03 - Grao en Educación Social	67	1
652G04 - Grao en Logopedia	46	1
653G01 - Grao en Terapia Ocupacional (incluídos alumnos curso ponte)	32	1
660G01 - Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos	62	1
661G01 - Grao en Enfermaría (incluídos alumnos curso ponte)	58	1
662G01 - Grao en Turismo (incluídos alumnos curso ponte)	50	1
670G01 - Grao en Arquitectura Técnica (incluídos alumnos curso ponte 670G01V50 e 670G01V51)	69	1
710G01 - Grao en Humanidades	8	1
710G02 - Grao en Información e Documentación	5	1
730111 - Enxeñeiro Naval e Oceánico (730111 e 730112)	12	1
730211 - Enxeñeiro Industrial	6	1
730G01 - Grao en Arquitectura Naval	5	1
730G02 - Grao en Enxeñaría en Propulsión e Servizos do Buque	6	1
730G03 - Grao en Enxeñaría Mecánica	16	1



Titulacións	Núm. Alumnos	Núm. Máx Premios
730G04 - Grao en Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais	22	1
730G05 - Grao en Enxeñaría Naval e Oceánica	3	1
750G01 - Grao en Enfermaría (incluídos alumnos curso ponte)	63	1
750G02 - Grao en Podoloxía	42	1
760G01 - Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos	32	1
770G01 - Grao en Enxeñaría Electrónica Industrial e Automática	17	1
770G02 - Grao en Enxeñaría Eléctrica	21	1
771G01 - Grao en Enxeñaría de Deseño Industrial e Desenvolvemento do Produto (incluídos alumnos curso ponte)	30	1

PREMIOS EXTRAORDINARIOS DE LICENCIATURA, ARQUITECTURA ENXEÑARÍA E GRAO DO CURSO ACADÉMICO 2016-2017**DATOS DA PERSOA SOLICITANTE**

APELIDOS: _____ NOME: _____
NIF: _____ ENDEREZO POSTAL: _____
TELÉFONO: _____ Correo electrónico: _____
(xuntar unha copia do DNI)

DATOS ACADÉMICOS

CENTRO: _____
TITULACIÓN: _____
DATA REMATE DE ESTUDOS: _____

SOLICITO OPTAR AO PREMIO EXTRAORDINARIO DE:

convocado segundo as bases establecidas na RR de 27 de outubro de 2017 publicadas no Taboleiro Electrónico Oficial da Universidade da Coruña.

PROTECCIÓN DE DATOS

Dou o meu consentimento para que a Universidade da Coruña comunique os meus datos de contacto (nome e apelidos e correo electrónico) á entidade financiadora dos premios (Banco de Santander) a os efectos de envío de comunicacións relacionadas coas finalidades propias do seu obxecto social.

Informámoslle da posibilidade de exercer os correspondentes dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición de conformidade co establecido na Lei 15/1999, de 13 de decembro de Protección de Datos de Carácter Persoal, ante a Universidade da Coruña. Os dereitos mencionados pódese exercer a través dos seguintes medios: secretariaxeral@udc.es, Secretaría Xeral, Rúa da Maestranza nº 9 – 15001 A Coruña, tlfno.: 881011161

A Coruña, de de
(sinatura do/a solicitante)

SR. REITOR DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA